IT01-PA08 - Plan de actuación de servizos permanentes do centro	PA08 - Xestións dos servizos	Completado			31/03/2018	1		1
IT02-PA08 - Informe de resultado dos servizos contratados	PA08 - Xestións dos servizos	Completado			31/03/2018	2		<u>1</u>
IT01-PA07 - Criterios de selección de recursos materiais e provedores	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado			14/04/2018	1		<u>1</u>
IT02-PA07 - Ficha de solicitude	PA07 - Xestións dos recursos materiais	Completado			14/04/2018	2	O centro non dispoñe dun modelo para a adquisición de material. Existe unha aplicación na secretaría virtual.	<u>0</u>
Acta da comisión de calidade - Acta da comisión de calidade	Actas - Actas da comisión de calidade	Completado			01/09/2018	1	As actas das comisións de calidade encóntranse asinadas no decanato do centro.	<u>7</u>
Doc - Documentación Complementaria	Doc Complementaria - Documentación Complementaria	Completado			01/09/2018	1	Informe practicas graos ADE y ECO 2017-18 Informe dos TFG dos graos ADE y ECO 2017-18	<u>2</u>

REGISTROS DAS TITULACIÓNS

REXISTROS DE CALIDADE DO GRAO DE ADE								
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			28/02/2018	1	ACSUG curso 2017-18. Substituído polo Informe de Revisión pola Dirección	1
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	2	Informe de revisión da Axencia para la Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este curso académico 2017-18 non procede, dado que este título non ha sido seleccionado para este proceso por a mesma.	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	3		1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	1	Non procede	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	2	Non procede	0
R2- D0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	2	POD GADE 2017-18	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	3	Coordinación ADE	1
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	1		1
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	2		2

REXISTROS DE CALIDADE DO GRAO DE ADE								
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado			31/07/2018	1	GADE non ten practicas curriculares	1
R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador- PDI	Completado			21/12/2017	1	Resultados de valoración do profesorado 16-17 GADE, EAD Informe DOCENTIA ano 2015-16. GADE	2

REXISTROS DE CALIDADE DO GRAO DE ECONOMÍA								
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			28/02/2018	1	ACSUG curso 2017-18. Substituído polo Informe de Revisión pola Dirección	1
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	2	Informe de revisión da Axencia para la Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este curso académico 2017-18 non procede, dado que este título non ha sido seleccionado para este proceso por a mesma	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	3		1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	1	Non procede	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	2	Non procede	0

REGISTROS DE CALIDADE DO GRAO DE ECONOMÍA

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
								publicada no DOG
R2- D0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	2	POD GECO 2017-18	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	3	Coordinación Economía	1
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	1		1
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	2		2
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado			31/07/2018	1	Practicas extracurriculares	1
R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado			21/12/2017	1	Resultado da avaliación docente GECO 16-17 EAD Informe Docentia ano 2015-16. GE	2

REGISTROS DE CALIDADE DO MESTRADO EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			28/02/2018	1	ACSUG curso 2017-18. Substituído polo Informe de Revisión pola Dirección	1

REXISTROS DE CALIDADE DO MESTRADO EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA								
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	2	Informe de revisión da Axencia para la Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este curso académico 2017-18 non procede, dado que este título non ha sido seleccionado para este proceso por a mesma	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	3		1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	1	No procede	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	2	No procede	0
R2- DO0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	2	POD Mestrado Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa 2017/18	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	3		1
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	1	El MAIE non ten PAT aprobado pola CAM. Adxunta documento que recolle as distintas accións de tutorización do alumnado.	1
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudiantado	Completado			30/06/2018	2	Non procede	0
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado			31/07/2018	1	Non procede. El MAIE non ten prácticas curriculares.	0

**REGISTROS DE CALIDADE DO MESTRADO EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS
E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA**

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado			21/12/2017	1	Resultados da avaliación docente MAIE 16-17. EAD Informe Docentía ano 2015-16. MAIE	2

REGISTROS DE CALIDADE DO MÁSTER EN FINANZAS

Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			28/02/2018	1	ACSUG curso 2017-18. Substituído polo Informe de Revisión pola Dirección	1
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	2	Informe de revisión da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este curso académico 2017-18 non procede, dado que este título non ha sido seleccionado para este proceso por a mesma	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	3		1
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	1	Non procede	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	2	Non procede	0
R2- D0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	2	POD Máster en Finanzas. Curso 2017/18	1

REXISTROS DE CALIDADE DO MÁSTER EN FINANZAS								
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	3		1
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado			30/06/2018	1	Non procede	0
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado			30/06/2018	2	Non procede	0
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado			31/07/2018	1		1
R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado			21/12/2017	1	Resultados da avaliación docente MF 16-17. EAD Informe Docencia año 2015-16. MF	2

REXISTROS DE CALIDADE DO MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE								
Registro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			28/02/2018	1	ACSUG curso 2017-18. Substituído polo Informe de Revisión pola Dirección	1
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	2	Informe de revisión da Axencia para la Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). Este curso académico 2017-18 non procede, dado que este título non ha sido seleccionado para este proceso por a mesma	0
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	Completado			30/09/2018	3		1

REXISTROS DE CALIDADE DO MÁSTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE								
Rexistro	Procedemento	Estado do rexistro	Verificado por calidade	Data para facer público	Data límite de entrega	Orde	Observacións	Documentos Adxuntos
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	1	Non procede	0
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	Completado			30/11/2017	2	Non procede	0
R2- D0201 P1 - POD	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	2	POD Máster en Desenvolvemento Sostible 2018/18	1
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Completado			27/07/2018	3		1
R1- DO0203 P1 - Plan de acción tutorial	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado			30/06/2018	1	El MGDS non ten PAT aprobado pola CAM. Adxunta documento que recolle as distintas accións de titorización do alumnado.	1
R2- D00203 P1 - Informe final de avaliación do PAT	DO-0203 P1 - Orientación ao estudantado	Completado			30/06/2018	2	Non procede	0
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	Completado			31/07/2018	1		1
R1- PE01 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	Completado			21/12/2017	1	Non procede. Sen docencia en 16-17 Informe Docencia ano 2015-16. MGDS	1

III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO -SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

III.1.- SEGUIMENTO DA TITULACIÓN: ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado o que se comproba ao analizar os resultados acadados polo alumnado así como o seu alto grao de empregabilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A demanda do título é elevada e presenta un alto grao de empregabilidade, o que xustifica a existencia e sostenibilidade do título. O título mantén unha elevada interese académica e os seus contidos están actualizados de acordo coas aportacións máis recentes do análise económico e empresarial e segundo as necesidades sociais, institucionais e os requisitos da profesión.

1.1. Demanda e oferta:

O 59% dos estudantes de novo ingreso proceden do Bacharelato LOMCE e ABAU, especialmente da rama de Ciencias Sociais. Máis en concreto, o 71% destes estudantes procede do bacharelato de Ciencias Social, o 26% do bacharelato de Ciencias e só o 3% da rama de Humanidades. Nese curso, case o 15% do alumnado de novo ingreso procedía de ciclos superiores de Formación profesional.

No curso 2017-2018 cubríronse tódalas prazas ofertadas. A memoria do grao en Economía recolle 210 prazas ofertadas, sendo todas cubertas por preinscripción.

1.2. Adquisición de competencias:

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado suficiente. A nota media do alumnado no curso 2017-2018 foi de 6.6 puntos, acorde coa media da maioría dos Graos que se ofertan na Universidade de Vigo.

A taxa de rendemento medio das materias da titulación é dun 52.5%; a taxa de éxito dun 69% e a taxa de eficiencia dun 75%.

A taxa de rendemento é medio punto inferior á do curso 2016-2017 e a taxa de eficiencia 3 puntos inferior. A taxa de éxito aumenta un punto respecto do curso 2016-2017. Con todo, pódese afirmar que séguense a acadar os obxectivos da titulación.

As materias Contabilidade financeira I, Contabilidade financeira II, Contabilidade de custos, Análise contable, Auditoría, Historia económica, Estatística, Matemáticas das operacións financeiras e Dirección de Recursos Humanos e teñen taxas de rendemento e de éxito inferiores á media.

En xeral, as materias cuxas taxas de rendemento e éxito son as maiores, adoitan ser as do último curso da titulación (a maioría supera o 90% tanto en rendemento como en éxito).

No curso 2017-2018 seguíuse coa busca de maiores competencias do alumnado en canto o nivel de idiomas. Promoveuse a docencia de materias en inglés, a través do Plan de internacionalización.

1.3. Mobilidade do estudiantado

O número de estudantes da titulación en Administración e Dirección de Empresas que opta por cursar algún cuadrimestre, ou o curso enteiro, no estranxeiro é elevado. No curso 2017-18, 72 estudantes de esta titulación disfrutaron dunha beca Erasmus+. Tamén o é o número de estudantes estranxeiros que optan por esta Titulación da Universidade de Vigo para completar os seus estudos é cada vez maior.

1.4. Prácticas extracurriculares

A valoración das prácticas extracurriculares por parte dos estudantes do grao en ADE é boa, e mostra unha elevada satisfacción, tanto por parte dos estudantes como por parte dos titores das empresas nas que e fan as prácticas. No curso 2017/18 realizáronse un total de 212 prácticas: 6 en Administracións Públicas, 41 en multinacionais, 25 con autónomos, 15 en empresas familiares, 10 en fundacións/entidades sen ánimo de lucro, 11 en empresas grandes, 11 en empresas medianas e 93 en pequenas empresas..

Puntos débiles detectados:

- Baixa taxa de rendemento e éxito en un número significativo de materias da titulación.

Accións de mellora a implantar:

- Análise da situación mediante reunións cos profesores e alumnos das materias, e procura de solucións para acadar unhas maiores taxas de rendemento e éxito.
- Valórase a creación dunha Comisión de Docencia na Facultade

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vivente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre a titulación en ADE é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos osAxentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Facultade e na páxina web da Universidade de Vigo publícase moita e moi relevante información sobre a titulación de Administración e Dirección de Empresas. Pódese consultar a memoria da titulación, os informes de calidade, as guías docentes, os resultados acadados na titulación no seu conxunto e nas distintas materias, etc..

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente có contido da memoria verificada do título. No curso 2014-2015 realizouse unha exhaustiva revisión das guías docentes co obxecto de axustar as competencias asignadas ás distintas materias e salvar as desviacións que se observaron respecto da memoria da titulación. Estes cambios xa foron incluídos nas guías docentes a partir do curso 2015-2016.

Na páxina web da Facultade está a disposición dos distintos grupos de interese toda a información que estes podan precisar: <http://fccee.uvigo.es/>

A información organízase a través de varias pestanas:

- Na oferta de estudos pódese atopar información xeral sobre o grao en Economía <http://fccee.uvigo.es/grao-en-economia.html> : Obxectivos, capacidades requeridas e saídas profesionais, memoria do título ou o plano de estudos.

Tamén se informa sobre o plan de internacionalización da docencia en inglés que se implantou no curso 2017-2018 (<http://fccee.uvigo.es/Novidades/2018-07-04-10-18-41.html>).

- Na sección de Organización docente atópase información sobre o calendario escolar, a asignación de alumnado a grupos de docencia, horarios de docencia, calendario de exames, guías docentes, tutorías e relación de profesorado do centro (<http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>)
- Tamén se pode acceder a moita información sobre os programas de mobilidade <http://fccee.uvigo.es/eramusmobilidade.html> ou as prácticas en empresa <http://fccee.uvigo.es/practicass-nos-graos.html>
- Na pestana dedicada ó sistema de Calidade están a disposición dos distintos grupos de interese os informes de calidade, os planos de mellora ou información sobre o Plan de Acción Tutorial <http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html>
- Na páxina web da Facultade tamén se atopa información sobre a súa localización, órganos de goberno, as particularidades sobre os traballos de fin de grao, premios acadados, etc.
- Os resultados acadados polo alumnado na titulación en xeral ou nas distintas materias en particular, pódese consultar tanto nas memorias de calidade, ás que xa se fixo referencia, como na páxina web da Universidade de Vigo, no seu portal de transparencia <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia>

Puntos febles detectados:

- O páxina web non é moderna e, aínda que recolle moita información, pode mellorarse.

Accións de mellora a implantar:

- Traballar na modernización da páxina web da Facultade e na organización da información, cunha presentación máis atractiva e con maior eficiencia de uso.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estruturais, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de revisión pola dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: <http://fcccc.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html> e a xestión de evidencias e rexistros leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e másteres, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa “posición” fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da comisión de calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado do Grado (enquisa 2017-2018) sobre o SGC é de **2,14/5**. Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose nun **2,68/5**.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias/rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

Puntos febles detectados:

- Baixa participación nas enquisas de satisfacción da titulación.
- Pouca eficiencia do sistema de orientación académica.

Accións de mellora a implantar:

- Información ós distintos membros da Facultade da importancia de contestar a estas enquisas, como ferramenta de mellora na calidade do centro.
- Mellora dos sistemas informativos ó estudantado sobre o Plan de Acción Tutorial.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e

mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

A valoración do persoal académico e de apoio que participa no título é boa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 80%. O 68.2% son funcionarios e o 11.8% contratados doutores, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

O obxectivo de “Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)” acádase sobradamente, en canto se pretendía acadar una porcentaxe superior ó 45%, e chegouse ó 56%, 4 puntos máis que no curso anterior..

A institución ofrece diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). A avaliación media, nos distintos cursos, para o ano académico 2017-2018, é a seguinte:

Media da titulación:	3,77
1º	3,76
2º	3,75
3º	3,90
4º	3,75

Os resultados acadados indican unha pequena mellora respecto dos cursos anteriores. Con todo, estes datos deben interpretarse con cautela dada a baixa taxa de participación nas enquisas (algo inferior ó 30%).

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e, deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudiantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido.

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada.

Puntos febles detectados:

- Baixa valoración media dalgúns profesores por parte do estudiantado

Accións de mellora a implantar:

- Establecemento de grupos de discusión como ferramenta para recoller información sobre as causas que motivan as cualificacións máis baixas

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, una ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Na páxina web da Facultade detállanse todos os recursos materiais cós que conta: <http://fccee.uvigo.es/es/recursos.html>

Como se comentou nun apartado anterior, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://fatic.uvigo.es/index.php/es/>

Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>

Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web <http://fccee.uvigo.es/>

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

- Nalgúns puntos da Facultade non chega ben o sinal wifi
- Algunhas aulas do centro non están electrificadas
- Mellorar o sinal wifi
- Rematar o proceso progresivo de electrificación das aulas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:*E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título**E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT**E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.**E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título**E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia**E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas***Indicadores nos que se baseou a valoración:***I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos**I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas**I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.**I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)*

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos da titulación en Administración e Dirección de Empresas son os previstos na Memoria da Titulación. As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2017-2018 son superiores ó 50% para a meirande parte das materias. Sen embargo, compre salientar os baixos resultados nas taxas de rendemento e avaliación nalgúnas materias e nos Traballos de Fin de Grao, claramente inferiores á media.

Os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe son susceptibles de mellora. A valoración global é de 2,63 puntos sobre un total de 5 puntos..

As competencias, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web da Facultade , ben a través da páxina web da Universidade de Vigo

https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03G020V01&consulta=signatures&any_academic=2017_18

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

Puntos febles detectados:

- Baixas taxas de rendemento e avaliación nos TFG

Accións de mellora a implantar:

- Mellorar os sistema de información ó alumnado e instalos a participar en accións formativas relacionadas co desenvolvemento dos TFG

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

7.1. Oferta e demanda

A titulación de ADE oferta 210 prazas, sendo cubertas por preinscripción. A ocupación segue sendo total ano tras ano e o grao de preferencia aumentou significativamente no curso 2017-2018 respecto dos cursos anteriores. Tanto a ocupación como a preferencia reflicten un bo comportamento do grao. A adecuación tamén se incrementou no curso 17-18, o que supón que un maior número de alumnos/as elixiron este grao como primeira opción na súa matrícula.

A nota media de acceso á titulación seguiu unha tendencia ó alza, ata o punto que, respecto do curso 2015-2016, a nota media de acceso subiu case un punto.

Descrición	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Nota media de acceso	7.4	6.7	6,6
Nota mínima de acceso	5	5	5
Ocupación	100,90%	100,50%	101,40%
Preferencia	107.62%	95,70%	101,40%
Adecuación	78.40%	77.30%	85.50%

7.2. Indicadores de resultados

As taxas de éxito e abandono melloran respecto do curso 2015-2016. Aínda así, en ningunha das taxas se acadou o obxectivo pretendido.

- A taxa de graduación é moi baixa nos distintos cursos, pero, no último ano, reduciuse nun 56% respecto do curso anterior, ó pasar do 26.9% ó 11.74%. O obxectivo de que esta taxa sexa maior co 75% está moi lonxe de ser acadado.
- A taxa de rendemento mantén unha tendencia decrecente e non supera os obxectivos a acadar. O mesmo ocorre coa taxa de eficiencia. A taxa de éxito mellora un punto respecto do curso anterior, pero segue sen acadar o obxectivo do 70% (aínda que non está moi lonxe del).
- A taxa de abandono é cada ano máis pequena pero non se consegue que sexa inferior ó 15%, que é o obxectivo.

	Meta	Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
Taxa de rendemento	> 60 %	52,50%	53,00%	57,30%
Taxa de abandono	< 15 %	19,71%	20,20%	26,10%
Taxa de eficiencia	> 80 %	75,00%	78,00%	82,80%
Taxa de graduación	> 75 %	21,70%	26,90%	25,20%
Taxa de éxito	> 70 %	69,00%	68,00%	69,20%

Puntos febles detectados:

- Taxas baixas de graduación, rendemento, éxito e eficiencia.

Accións de mellora a implantar:

- Reflexión docente sobre novas propostas de avaliación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendimento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-DO: Duración media dos estudos

III.2.- SEGUIMIENTO DA TITULACIÓN: ECONOMÍA

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado. Pódese comprobar ao analizar os resultados acadados polo alumnado así como o seu alto grao de empregabilidade.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A demanda do título é elevada e presenta un alto grao de empregabilidade, o que xustifica a súa existencia e sustentabilidade. O título mantén unha alta interese académica e os seus contidos están actualizados de acordo coas aportacións máis recentes do análise económico e segundo as necesidades sociais, institucionais e os requisitos da profesión.

1.1. Demanda e oferta:

A meirande parte dos estudantes de novo ingreso proceden do Bacharelato LOMCE e ABAU, especialmente da rama de Ciencias Sociais. Máis en concreto, o 55,6% do total procede do Bacharelato de Ciencias Sociais, o 11,1% do Bacharelato de Ciencias e o 3,2% de Humanidades. Nese curso, case o 15% procedía do Bacharelato de Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía LOE.

No curso 2017-2018 cubríronse tódalas prazas ofertadas. A memoria do Grao en Economía recolle 60 prazas ofertadas, sendo todas cubertas por preinscripción.

1.2. Adquisición de competencias:

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adecuada adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado. A nota media do alumnado no curso 2017-2018 foi de 6,79 puntos, acorde coa media da maioría dos Graos que se ofertan na Universidade de Vigo.

A taxa de rendemento medio das materias da titulación é dun 62%; a taxa de éxito dun 77,5% e a taxa de eficiencia dun 81,3%.

Respecto ao curso 2016-2017, a taxa de rendemento é 3 puntos inferior, a taxa de eficiencia é case 5 puntos inferior e a taxa de éxito sube medio punto. Con todo, séguense a acadar os obxectivos da titulación.

As materias Historia económica, Contabilidade e Economía pública son as materias cuxa taxa de rendemento é de éxito son moito máis baixas ca media..

En xeral, as materias de primeiro curso son as que teñen unhas taxas de rendemento e éxito máis baixas, en relación coas dos cursos superiores. A etapa inicial dos estudos universitarios require unha fase de adaptación progresiva do estudantado (madurez, responsabilidade, nivelación de coñecementos previos, etc.) e motivación adicional para a aprendizaxe. Pola contra, as materias cuxas taxas de rendemento e éxito son as

maiores, soen ser as do último curso da titulación (a maioría supera o 90% tanto en rendemento como en éxito).

No curso 2017-2018 seguiuuse coa busca de maiores competencias do alumnado en canto o nivel de idiomas. Promoveuse a docencia de materias en inglés, a través do Plan de internacionalización, aínda que no grao en Economía son poucos os estudantes que optaron polo estudo das materias nesa lingua.

1.3. Mobilidade do estudiantado

O número de estudantes da titulación en Economía que opta por cursar algún cuatrimestre, ou o curso enteiro, no estranxeiro non é moi elevado. Durante o curso 2017/18 só 14 estudantes de esta titulación disfrutaron dunha beca Erasmus+. Sen embargo, o número de estudantes estranxeiros que optan pola Titulación de Economía da Universidade de Vigo para completar os seus estudos é cada vez maior.

1.4. Prácticas extracurriculares

A valoración das prácticas extracurriculares por parte dos estudantes do grao en Economía é boa, e mostra unha elevada satisfacción, tanto por parte dos estudantes como por parte dos títos das empresas nas que se fan as prácticas. No curso 2017/18 foron realizadas un total de 42 prácticas: 2 en Administracións Públicas, 5 multinacionais, 7 en grandes empresas, 1 mediana e 27 en pequenas empresas.

Puntos débiles detectados:

- Baixa taxa de rendemento e éxito nalgúnhas materias da titulación.

Accións de mellora a implantar:

- Análise da situación mediante reunións cos profesores e alumnos das materias, e procura de solucións para acadar unhas maiores taxas de rendemento e éxito.
- Cursos cero para nivelación de coñecementos previos.
- Valórase a creación dunha Comisión de Docencia na Facultade.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

A información relevante sobre a titulación en Economía é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os Axentes: estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na páxina web da Facultade e na páxina web da Universidade de Vigo publícase moita e moi relevante información sobre a titulación de Economía. Pódese consultar a memoria da titulación, os informes de calidade, as guías docentes, os resultados acadados na titulación no seu conxunto e nas distintas materias, etc.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título. No curso 2014-2015 realizouse unha exhaustiva revisión das guías docentes co obxecto de axustar as competencias asignadas ás distintas materias e salvar as desviacións que se observaron respecto da memoria da titulación. Estes cambios xa foron incluídos nas guías docentes a partir do curso 2015-2016.

Na páxina web da Facultade está a disposición dos distintos grupos de interese toda a información que estes podan precisar: <http://fccee.uvigo.es/>

A información organízase a través de varias pestanas:

- Na oferta de estudos pódese atopar información xeral sobre o grao en Economía <http://fccee.uvigo.es/grao-en-economia.html> : Obxectivos, capacidades requeridas e saídas profesionais, memoria do título ou o plano de estudos.

Tamén se informa sobre o plan de internacionalización da docencia en inglés que se implantou no curso 2017-2018 (<http://fccee.uvigo.es/Novidades/2018-07-04-10-18-41.html>).

- Na sección de Organización docente atópase información sobre o calendario escolar, a asignación de alumnado a grupos de docencia, horarios de docencia, calendario de exames, guías docentes, titorías e relación de profesorado do centro (<http://fccee.uvigo.es/organizacion-docente.html>)

- Tamén se pode acceder a moita información sobre os programas de mobilidade <http://fcece.uvigo.es/eramusmobilidade.html> ou as prácticas en empresa <http://fcece.uvigo.es/practicadas-nos-graos.html>
- Na pestana dedicada ó sistema de Calidade están a disposición dos distintos grupos de interese os informes de calidade, os planos de mellora ou información sobre o Plan de Acción Titorial <http://fcece.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html>
- Na páxina web da Facultade tamén se atopa información sobre a súa localización, órganos de goberno, as particularidades sobre os traballos de fin de grao, premios acadados, etc.
- Os resultados acadados polo alumnado na titulación en xeral ou nas distintas materias en particular, pódese consultar tanto nas memorias de calidade, ás que xa se fixo referencia, como na páxina web da Universidade de Vigo, no seu portal de transparencia <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia>

Puntos febles detectados:

- O páxina web non é moderna e, aínda que recolle moita información, pode mellorarse.

Accións de mellora a implantar:

- Traballar na modernización da páxina web da Facultade e na organización da información, cunha presentación máis atractiva e con maior eficiencia de uso.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301PI: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvóléronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estruturais, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de revisión pola dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: <http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html> e a xestión de evidencias e rexistros leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e másteres, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.**Aspectos a valorar:**

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa “posición” fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da comisión de calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado do Grado (enquisa 2017-2018) sobre o SGC é de **2,03/5**. Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose nun **3,31/5**.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

Puntos febles detectados:

- Baixa participación nas enquisas de satisfacción da titulación.
- Pouca eficiencia do sistema de orientación académica.

Accións de mellora a implantar:

- Sensibilizar ós grupos de interese da Facultade da importancia de participar nas enquisas, como ferramenta de mellora continua e de detección de puntos febles
- Establecemento dun sistema de Mentorización.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

A valoración do persoal académico e de apoio que participa no título é boa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa na titulación ten o nivel de cualificación esixido para a súa implantación, tanto en termos de experiencia docente como investigadora.

A porcentaxe de profesores doutores é do 86%. O 78% son funcionarios e o 8% contratados doutores, polo que pode considerarse o conxunto do profesorado como moi estable.

O obxectivo de “Resultados de investigación de carácter académico (sexenios)” acádase sobradamente, en canto se pretendía acadar una porcentaxe superior ó 50%, e chegouse ó 76%, 8 puntos máis que no curso anterior.

A institución ofrece diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

Para avaliar a actividade docente do profesorado, a Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Avaliación Docente (EAD). A avaliación media, nos distintos cursos, para o ano académico 2017-2018, é a seguinte:

Media da titulación:	3,92
1º	4,03
2º	3,86
3º	3,82
4º	3,95

Os resultados acadados indican unha pequena mellora respecto dos cursos anteriores. Con todo, estes datos deben interpretarse con cautela dada a baixa taxa de participación nas enquisas (lixiramente superior ó 31%).

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e, deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido.

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada.

Puntos febles detectados:

- Baixa valoración media dalgúns profesores por parte do estudantado

Accións de mellora a implantar:

- Establecemento de grupos de discusión como ferramenta para recoller información sobre as causas que motivan as cualificacións máis baixas

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, una ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Na páxina web da Facultade detállanse todos os recursos materiais cós que conta: <http://fccee.uvigo.es/es/recursos.html>

Como se comentou nun apartado anterior, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://fatic.uvigo.es/index.php/es/>

Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>

Aplicanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web <http://fccee.uvigo.es/>

Puntos febles detectados:

- Nalgúns puntos da Facultade non chega ben o sinal wifi
- Algunhas aulas do centro non están electrificadas

Accións de mellora a implantar:

- Mellorar o sinal wifi
- Rematar o proceso progresivo de electrificación das aulas.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acoillida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

A análise dos resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes mostran que son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos da titulación en Economía son os previstos na Memoria da Titulación. As taxas de avaliación, rendemento e éxito no curso 2017-2018 son elevadas para a meirande parte das materias. Sen embargo, compre salientar os baixos resultados nas taxas de rendemento e avaliación nos Traballos de Fin de Grao, claramente inferiores á media.

Os resultados da enquisa realizada ó alumnado sobre os resultados da aprendizaxe é susceptible de mellora, xa que só acadou unha valoración de 2.81 sobre un total de 5 puntos.

As competencias, metodoloxía docente e os métodos de avaliación están reflectidos nas Guías Docentes, que están a disposición dos membros da comunidade universitaria ben na páxina web da Facultade, ben a través da páxina web da Universidade de Vigo

https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03G100V01&consulta=assignatures&any_academic=2017_18

Estas guías están consensuadas entre os profesores encargados de impartir cada materia e son revisadas cada curso académico. Nelas atópase información detallada sobre cada materia: métodos docentes, sistemas de avaliación, contidos, referencias bibliográficas, etc. que son de gran utilidade para o alumnado, tanto durante o desenvolvemento do curso, coma no curso precedente, xa que aportan unha visión global das materias a cursar.

Puntos febles detectados:

- Baixas taxas de rendemento e avaliación nos TFG

Accións de mellora a implantar:

- Mellorar os sistema de información ó alumnado e instalos a participar en accións formativas relacionadas co desenvolvemento dos TFG

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

EA: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,tutor e calificación)

E25: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

7.1. Oferta e demanda

A titulación de Economía oferta 60 prazas, sendo cubertas por preinscripción. A ocupación segue sendo total ano tras ano e o grao de preferencia aumentou significativamente no curso 2017-2018 respecto dos cursos anteriores. Tanto a ocupación como a preferencia reflicten un bo comportamento do grao. A adecuación tamén se incrementou no curso 2017-2018, o que supón que un maior número de alumnos/as elixiron este grado como primeira opción na súa matrícula.

A nota media de acceso á titulación e a nota mínima tamén seguiron unha tendencia ó alza, ata o punto que, respecto do curso 2015-2016, a nota media de acceso subiu case un punto e medio.

Descrición	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Nota media de acceso	8,3	7	6,9
Nota mínima de acceso	5,2	5	5
Ocupación	108,30%	108,30%	103,30%
Preferencia	136,70%	101,70%	108,30%
Adecuación	89,20%	81,50%	93,60%

7.2. Indicadores de resultados

Con excepción da taxa de graduación, en tódolos indicadores acádanse as metas propostas.

- A taxa de graduación é moi baixa nos distintos cursos, pero, no último ano, reduciuse en máis dun 40% respecto do curso anterior. Deste modo, no curso 2017-2018 representa un terzo do valor de referencia (25.2% en lugar do 75%).
- A taxa de rendemento, aínda que mantén unha tendencia decrecente, supera os obxectivos a acadar. O mesmo ocorre coas taxas de eficiencia e de éxito.
- A taxa de abandono é cada ano máis pequena e acádase os obxectivo de que sexa inferior ó 15%. De feito, no último curso é cinco puntos inferior ó valor de referencia.

	Meta	Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
Taxa de rendemento	> 60 %	62%	65,00%	70,40%
Taxa de abandono	< 15 %	10%	13,30%	17,10%
Taxa de eficiencia	> 80 %	81,30%	86,00%	86,00%
Taxa de graduación	> 75 %	47,14%	45,50%	52,50%
Taxa de éxito	> 70 %	77,50%	77,00%	80,30%

Puntos febles detectados:

- Redución importante da taxa de rendemento.

Accións de mellora a implantar:

- Reflexión docente sobre novas propostas de avaliación

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

II: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-DO: Duración media dos estudos

III.3.- SEGUIMIENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As clases do MAiE impartíronse de luns a xoves en horario de mañá (de 09:00 a 14:00 horas) dende o 26/09/2017 ata o 21/03/2018 (ambos incluídos) na aula seminario 8 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Campus de Vigo), con sesións puntuais nas aulas de informática por requirimentos docentes. O desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria en vigor e ás guías docentes das materias. Non houbo incidencias relevantes ó longo do curso.

O número de alumnos matriculados no curso 17/18 foi de 21, dato que se mantén estable nos últimos anos (no curso 16/17 foi de 22 e no 15/16 de 20), isto supón unha taxa de ocupación do 80% (indicador I02-AC) e, polo tanto, conseguiuase alcanzar o obxectivo proposto.

Polo que se refire os resultados das enquisas de satisfacción dos grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento das ensinanzas, recollidos nos indicadores I4/105-DO/106-DO/107-DO/108-DO, podemos afirmar que son positivos e acordes os obxectivos expostos. Así, a satisfacción dos estudantes con este aspecto do Máster foi de 3,42 sobre 5 (sendo no curso 16/17 de 3,43 e no 15/16 de 2,75); namentres que o dato da satisfacción das persoas tituladas foi de 3,63, lixeiramente superior á dos anos precedentes, segundo os datos da enquisa oficial de satisfacción da Universidade de Vigo.

Aínda que para o período de este informe non hai datos sobre a satisfacción do profesorado con respecto a este ítem, o dato do curso 16/17 foi de un 4,72, unha puntuación alta, e se espera que se acaden resultados similares na próxima enquisa..

Puntos débiles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

- Desenvolvemento de activades nos últimos cursos dos Graos para aumentar o número de solicitudes de matrícula.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Máster ofrece información detallada ós alumnos e a tódolos interesados a través da súa páxina web visual e sinxela: <http://maierc.webs.uvigo.es>

Esta páxina web esta ligada coa páxina web da Universidade de Vigo (https://www.uvigo.gal/uvigo_es/titulacions/masters/administracion-integrada-empresas-responsabilidade-social/inicio/)

Na que, ademais de información básica sobre o MAiE, ofrécese ós interesados datos sobre: Docencia, Traballo Fin de Máster, Prácticas Extracurriculares e Información de Contacto. e actualízase de corrido ao longo do curso.

Tamén na páxina web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo (<http://fccee.uvigo.es/masteres.html>) se ofrece información xeral sobre os títulos máster impartidos no seu centro e contén un enlace a web do MAiE e datos de contacto para os interesados en obter maior información.

Ademais, tamén ten presenza nas redes sociais :

- Facebook ([facebook.com/maie.uvigo /](https://www.facebook.com/maie.uvigo/))
- Twitter (@MAiE_uvigo /)
- LinkedIn (Grupo LinkedIn: Máster MBA-MAiEMaiE_uvigo/[linkedin.com/groups?gid=7472404](https://www.linkedin.com/groups?gid=7472404))

A enquisa de satisfacción feita de maneira oficial pola universidade de Vigo para tódalas titulacións mostra, en relación coa información e transparencia do alumnado, un resultado de 3,52 e a satisfacción con este ítem das persoas tituladas foi de 4,10 (ambas sobre 5). Estas puntuacións se consideran satisfactorias.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

- Aumento da información ofrecida a través das webs nas que ten presenza o MAiE.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301PI: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.

- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estruturais, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de revisión pola dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: <http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html> e a xestión de evidencias e rexistros leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e másteres, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa “posición” fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da comisión de calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado (enquisa 2017-2018) sobre o SGC é de **3,08/5**. Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose nun **4,00/5**.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.

- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias rexistros asociadas ao SGC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

Puntos febles detectados:

- Baixo grao de satisfacción do alumnado do máster en relación con aspectos concretos da xestión da calidade.

Accións de mellora a implantar:

- Divulgar e mellorar entre o alumnado o uso da caixa de correos de suxestións, queixas e felicitacións e das vías de participación na mellora da calidade do título.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

A valoración do persoal académico e de apoio que participa no título é boa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O conxunto das materias do MAiE foron impartidas por profesorado académico da Universidade de Vigo. O profesorado encargado da impartición das materias que conforman o plano de estudos do MAiE foi seleccionado pola Comisión Académica do Máster (CAM) atendendo a principios de mérito, capacidade e experiencia. O profesorado que participa no Máster ten o nivel de cualificación esixido para a impartición do mesmo, tanto docente como investigador. Na web do mesmo se ofrece información sobre o profesorado de cada materia, e se facilita unha breve recensión curricular do mesmo que inclúe a súa categoría académica, o tipo de vinculación coa Universidade de Vigo, as súas liñas de investigación e a súa experiencia docente (Pódese ver en https://www.uvigo.gal/uvigo_gl/titulacions/masters/administracion-integrada-empresas-responsabilidade-social/docencia/profesorado/).

O indicador I03(2)-PE facilita o profesorado por categoría:

	17/18	16/17	15/16
Catedrático de Universidade	11,76% (2)	12,0%	11,8%
Titular de Universidade	23,53% (4)	19,0%	19,0%
Contratado Doutor	58,82% (10)	69,0%	69%
Outros	5,88% (1)	0	0

O indicador I03-PE mostra resultado de investigación de carácter académico (sexenios) podemos observar unha melloría progresiva nos tres últimos anos pasando de 2 no curso 15/16 a 4 no 17/18.

O profesorado que participa en programas de formación no curso 17/18 foi de 11 persoas, o que representa unha porcentaxe importante sobre o total.

Outro dato relevante neste epígrafe son os resultados da enquisa de satisfacción no referente os recursos humanos, a enquisa a alumnado mostra un resultado de 3,46/5 e as persoas tituladas puntúan este aspecto cun 4,0/5. Segundo o indicador I04-DO o grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado no curso 17/18 foi de 4,18/5 dato que supón unha mellora respecto os cursos anteriores (no 16/17 un 3,70 e no 15/16 un 3,55).

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais pon a disposición do alumnado do MAiE un aula seminario adecuada para a impartición das clases e, cando é preciso, pon a disposición aulas informáticas axeitadas ó número de alumnos. Nos anos de impartición do máster, soamente se traballa cun único grupo de docencia teórica e un grupo practico.

A universidade pon a disposición do alumnado os seus fondos bibliográficos, que poden ser consultados na súa páxina web (www.biblioteca.uvigo.es)

O profesorado do MAiE utiliza de xeito habitual a plataforma FAITIC para facilitar o seguimento das materias e o intercambio de información cós alumnos (avisos, cualificacións, etc.).

Segundo os resultados da enquisa de satisfacción, o alumnado puntúa cun 3,46 os recursos materiais e servizos, entre as persoas tituladas a puntuación sube a un 4,30

Ademais dos recursos que a Universidade pon a disposición do MAiE, o Máster ven colaborando cunha serie de empresas para a realización das prácticas extracurriculares dos seus estudantes (no curso 17/18 as prácticas se realizaron en 14 empresas). O resultado da colaboración do Máster coas empresas e do bo traballo realizado polos alumnos do MAiE deu como resultado que, unha vez establecida a colaboración con estas empresas nas prácticas extracurriculares, se repite nos anos seguintes a participación destas empresas na oferta de prácticas.

Segundo datos dan enquisas realizadas pola FUVI o grado de satisfacción do alumnado e o grado de satisfacción dos tutores das empresas cos alumnos do MAiE e moi alto.

Puntos febles detectados:**Accións de mellora a implantar:*****Evidencias nas que se baseou a valoración:***

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

. Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de satisfacción do alumnado con resultados de aprendizaxe foi, para o período a tratar, de un 3,57, e entre os titulados de un 3,78, segundo os resultados acadados nas enquisas de satisfacción oficiais da Universidade de Vigo.

Son tamén salientables os seguintes datos que amosan os indicadores de resultados:

	17/18	16/17	15/16
Taxa de rendemento	94%	92%	98%
Taxa de abandono	0	0	0
Taxa de eficiencia	98%	98%	98,9%
Taxa de graduación	100%	100%	95,6%
Taxa de éxito	99%	99%	100%

Como se pode comprobar son bos datos, ademais as taxas de rendemento, éxito e avaliación por materia amosan resultados moi homoxéneos como se pode comprobar no Documento 5 anexo, en xeral con porcentaxes que superan o 95% no curso 17/18.

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

EA: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución do número de estudantes de novo ingreso nos últimos tres anos foi estable entrando en torno os 20 alumnos, Como xa se comentou no criterio 1 os datos foron no curso 17/18 de 21, no curso 16/17 foi de 22 e no 15/16 de 20), isto supón unha taxa de ocupación do 80%

A evolución das taxas de resultados son tamén satisfactorias como se pode observar na táboa.

	Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
Taxa de rendemento	94%	92%	98%
Taxa de abandono	0	0	0
Taxa de eficiencia	98%	98%	98,9%
Taxa de graduación	100%	100%	95,6%
Taxa de éxito	99%	99%	100%

Evolución do grao de satisfacción do estudantado é positivo: no 15/16 foi de 2,75 mellorou no curso 16/17 a un 3,43 e alcanza un 3,48 no curso 17/18

Puntos febles detectados:

-

Accións de mellora a implantar:

-

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendemento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-DO: Duración media dos estudos

III.4.- SEGUIMIENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN FINANZAS

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

1.1. Demanda e oferta:

A titulación presenta unha alta demanda posto que, ao ser un tipo de curso de carácter profesionalizante está dirixido a formar alumnos en aspectos de natureza financeira que lles permitan resolver os problemas que afectan diariamente ás entidades obxectivo do Máster, é dicir, as pequenas e medianas empresas, as cales, como todos sabemos, constitúen o compoñente esencial da armazón empresarial da nosa contorna. No curso 2017-2018 matricularonse cubríronse as 35 prazas ofertadas. É dicir, a taxa de ocupación foi do 100%

1.2. Adquisición de competencias:

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado suficiente. O alumnado valora con un 3,09 a organización e desenvolvemento do título, un valor que aumenta hasta o 3,44 no caso das persoas tituladas

A taxa de rendemento medio das materias da titulación é dun 93%; a taxa de éxito dun 100% e a taxa de eficiencia dun 99%.

1.3. Mobilidade do estudantado

Non hai datos.

1.4. Prácticas

Os alumnos do máster fixeron 35 prácticas curriculares; é dicir, o 100% dos alumnos matriculados fixeron prácticas. Ademais, un estudante fixo unha práctica extracurricular.

Puntos débiles detectados:

- Non se dispón de información propia sobre a inserción laboral dos titulados.

Accións de mellora a implantar:

- Elaborar un cuestionario para entregar aos alumnos cando veñan recoller o título onde se lle expoñan preguntas sobre o seu acceso ao mundo laboral.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións. Ademais, garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese..

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de C.C. Económicas e Empresariais de Vigo, publica toda a información xeral referida ao Título (Denominación, Centros onde se imparte o título, número de créditos e duración do título, tipo de ensino, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web do Centro: <http://fccee.uvigo.es/masteres.html>

É na propia páxina web do Máster onde o alumno atopa a información pormenorizada respecto ao mesmo: <http://masterfinanzas.webs.uvigo.es/>

Esta información proporcionada ao alumnado e os interesados en xeral, se ha ido ampliando e perfeccionando en función das necesidades que paulatinamente se van observando en cada curso académico.

É importante destacar que no apartado dedicado a calidade están publicados os resultados de medición: Enquisas de satisfacción, taxas académicas, indicadores de matrícula.

O SGIC do Centro dispón dun proceso que establece os mecanismos que permitan garantir e asegurar a dispoñibilidade da publicación periódica, actualizada e accesible aos distintos grupos de interese da información relevante relacionada coas súas titulacións, así como a súa rendición de contas.

A satisfacción do estudante en relación coa información e transparencia pode considerarse de satisfactoria posto que alcanza o 3,09 no curso 2015/2016 e do 3,53 no curso 2016/2017.

Mellor é o resultado obtido no grao de satisfacción obtido polo egresado. O índice alcanza o 3,67 para o ano 2017/2018..

Puntos febles detectados:

- A páxina web do Máster non reflicte toda a información que puidese ser relevante tanto para os alumnos como para os interesados no título.

Accións de mellora a implantar:

- Actualizacións periódicas frecuentes que inclúan un volume de información maior e máis relevante.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema unha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estruturais, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de revisión pola dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGC publícase na Web do centro: <http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html> e a xestión de evidencias e rexistros leva a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro: graos e másteres, teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análises e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa “posición” fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da comisión de calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de

satisfacción do alumnado (enquisa 2017-2018) sobre o SGC é de **2,33/5**. Ao analizar este mesmo grao de satisfacción das persoas tituladas o valor obtido é máis positivo, situándose nun **3,67/5**.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indica nos epígrafes anteriores, o SGIC, foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo, a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

Puntos febles detectados:

- Baixo grao de satisfacción do alumnado do máster en relación con aspectos concretos da xestión da calidade.

Accións de mellora a implantar:

- Divulgar e mellorar entre o alumnado o uso da caixa de correos de suxestións, queixas e felicitacións e das vías de participación na mellora da calidade do título.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

A valoración do persoal académico e de apoio que participa no título é boa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En liñas xerais, estímase adecuado o nivel de información proporcionada respecto ao profesorado. Como se trata de unha titulación de carácter profesionalizante, estimouse conveniente a contratación de un profesorado que desenvolva a súa actividade preferentemente no ámbito empresarial, non vinculado, por tanto, ao entorno universitario, pero sen esquecer a experiencia docente do mesmo na impartición de cursos, seminarios etc., tanto en organizacións públicas como privadas.

A institución ofrece diversas oportunidades ó profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

O resultado das enquisas realizadas tanto aos alumnos matriculados (3,14) como aos xa titulados (4,00), permite concluir que a calidade do profesorado cumpre coas previsións da coordinación do Máster.

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e, deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudiantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido. O grao de satisfacción dos titulados no curso 2015/2016 co persoal de administración e servizos foi de 4,36

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio benefíciase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada.

Puntos febles detectados:

- Sería beneficioso para o máster contar con persoal de apoio para a realización de tarefas administrativas.

Accións de mellora a implantar:

- Contratación de persoal administrativo para realizar tarefas como a actualización de páxina web, redes sociais, etc.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado é positiva. Considéranse que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, una ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Na páxina web da Facultade detállanse todos os recursos materiais cós que conta: <http://fccee.uvigo.es/es/recursos.html>

Como se comentou num apartado anterior, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://fatic.uvigo.es/index.php/es/>

Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>

Aplicanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web <http://fccee.uvigo.es/>

A enquisa de satisfacción realizada aos alumnos do curso 2017-2018 en relación cos recursos materiais e servizos arroxa un resultado global de 2,98, un resultado inferior ao do curso 2016/2017. Este valoración mellora no caso das persoas tituladas (3,83)

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

.Os estudantes ao finalizar o proceso formativo han adquirido as competencias previstas para o título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As competencias, a metodoloxía docente e os sistemas de avaliación atopar nas guías docentes que os coordinadores de materia elaboran a través da aplicación Docnet. As guías docentes son produto do consenso entre os profesores responsables da materia e son supervisadas pola Comisión Académica. Este órgano establece criterios para uniformar os sistemas de avaliación e o número máximo de profesores que poden participar na impartición dunha materia. As guías docentes apróbanse pola Xunta de Facultade, publicanse con tempo suficiente de antelación e están dispoñibles na seguinte ligazón:

https://secretaria.uvigo.gal/docnet-nuevo/guia_docent/index.php?centre=303&ensenyament=V03M168V01&any_academic=2017_18

As taxas de avaliación, éxito e rendemento son en xeral elevadas para a gran maioría das materias, e por tanto no conxunto da titulación, sendo moi próximas ao 100%.

A taxa de éxito global do Título é do 100% nos tres últimos cursos. A taxa de avaliación é do 94% no curso 207-2018, 4 puntos inferior a do curso 2016-2017. A taxa de rendemento é moi elevada, alcanzando un 93%, 5 puntos menor que a do curso 2016-2017.

O grao de satisfacción dos alumnos cos resultados de aprendizaxe foi de 2,64 é a das persoas tituladas foi de 3,33, mellorando o resultado do curso anterior.

Puntos febles detectados:

- As aulas seminario en as que se imparte o título non presentan as mellores condicións para o alumnado.
- Necesidade de renovar os equipos informáticos e medios audiovisuais das devanditas aulas.

Accións de mellora a implantar:

- Mellorar o illamento térmico (redución de humidade) das devanditas aulas e modificar a súa estética do tal maneira que con iso se contribúa a mellorar a capacidade de atención do alumno (as aulas son dun única cor).
- Adquisición de novos equipos informáticos para a docencia en as aulas.

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Da análise dos principais datos e resultados do título conclúese que estes evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

7.1. Oferta e demanda

O máster ofertou 35 prazas das que se cubriron 35; é dicir, un 100%.

A nota media de acceso á titulación seguiu unha tendencia estable respecto do curso 2016-2016, alcanzando un valor de 7,15 nunha escala de 0 a 10. A taxa de ocupación alcanzou o 100%.

Descrición	Resultado Curso 17-18	Resultado Curso 16-17	Resultado Curso 15-16
Nota media de acceso	7,15	7,2	6,7
Nota mínima de acceso	Non dispoñible	4,67	Non dispoñible
Ocupación	100%	97,1% (1 resposta de 5 posibles)	97,2%
Preferencia	Non dispoñible	Non dispoñible	Non dispoñible
Adecuación	Non dispoñible	Non dispoñible	Non dispoñible

7.2. Indicadores de resultados

Con excepción da taxa de rendemento, en tódolos indicadores acádase as metas propostas.

- A taxa de rendemento foi do 93%, 5 puntos por debaixo da meta proposta.
- A taxa de abandono é nula.
- A taxa de eficiencia é do 99%, mellorando en 1 punto respecto do curso 2016-2017
- A taxa de graduación é do 97,14%, 7 puntos por enriba da meta.
- A taxa de éxito é do 100%.

	Meta	Curso 2017-2018	Curso 2016-2017	Curso 2015-2016
Taxa de rendemento	98.0%	93%	98%	93,9%
Taxa de abandono	3.0%	0%	0%	0%
Taxa de eficiencia	99%	99.0%	98%	93,9%
Taxa de graduación	90.0%	97,14%	97,2%	100%
Taxa de éxito	95.0%	100%	100%	100%

Puntos febles detectados:

- Non existen datos do grao de inserción dos titulados.

Accións de mellora a implantar:

- Realización de enquisas entre os antigos alumnos para solicitar a dita información.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- *Taxa de graduación*
- *Taxa de abandono*
- *Taxa de eficiencia*
- *Taxa de rendimento*
- *Taxa de éxito*
- *Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)*

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa

I010-DO: Duración media dos estudos

III.5.- SEGUIMIENTO DA TITULACIÓN: MASTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

A demanda do título é elevada e presenta un elevado grado de empregabilidade, o que xustifica a existencia e sostenibilidade do título. O título mantén un alto interese académico e os seus contidos están actualizados de acordo coas achegas máis recentes da análise económica e empresarial e segundo as necesidades sociais, institucionais e os requisitos da profesión.

1.1. Demanda e oferta:

Nas nove primeiras edicións, o 54,23% dos alumnos cursaran previamente unha titulación do ámbito xurídico-social, o 27,36% unha titulación do ámbito científico, o 16,42% do ámbito tecnolóxico e un 1,99% do ámbito das artes e humanidades. O 38,81% do total dos alumnos das nove primeiras edicións do MXDS cursaron a súa titulación de orixe fóra da Universidade de Vigo.

No curso 2017-2018 cubríronse 20 das 25 prazas ofertadas.

1.2. Adquisición de competencias:

Unha avaliación histórica dos resultados académicos reflicte unha adquisición do nivel de competencias e habilidades do alumnado suficiente. O alumnado valora con un 3,75 a organización e desenvolvemento do título.

A taxa de rendemento medio das materias da titulación é dun 96%; a taxa de éxito dun 100% e a taxa de eficiencia dun 99%.

1.3. Mobilidade do estudantado

Non hai datos.

1.4. Prácticas

Os alumnos do master fixeron 20 prácticas curriculares; é dicir, o 100% dos alumnos matriculados fixeron prácticas. Ademais, un estudante fixo unha práctica extracurricular.

Puntos débiles detectados:

- Necesidade de mellorar a coordinación entre as materias do plan de estudos

Accións de mellora a implantar:***Evidencias nas que basea a valoración:****E1: Memoria vixente do título**E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora**E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)**E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)**E5: Actas das reunións da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade**E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).**QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza****Indicadores nos que se basea a valoración:****I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición**I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia**I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)**I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros**I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.**I01-AC: Nota media de acceso**I01(2)-AC: Nota mínima de acceso**I02-AC: Ocupación**I03-AC: Preferencia**I03(2)-AC: Adecuación***Critério 2. Información e transparencia**

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Publicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados. A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións. Ademais, garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Ademais da páxina web do MXDS dispoñible en 3 idiomas (castelán, galego e inglés), o MXDS conta con un Blog (<http://mgdsostenible.blogspot.com/>) e ten unha presenza moi activa en redes sociais: LinkedIn (MGDS Máster en Gestión del Desarrollo Sostenible), Twitter (@MGDSostenible) e Facebook (MXDS Máster en Gestión del Desarrollo Sostenible).

As enquisas de satisfacción dos alumnos e egresados valoran moi positivamente a información e transparencia. Os alumnos do curso 2017-2018 valoran a información e transparencia (bloque 2) con 3,66 nunha escala Likert 1-5, fronte a un 3,49 no resto dos Másteres e un 3,22 no conxunto da Universidade de Vigo. Os aspectos mellor valorados son a accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web (3,80) e a súa utilidade (3,73), así como a utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (3,85).

O aspecto peor valorado polos alumnos (3,23) foi a información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais), en consonancia co resto dos másteres (3,01) e a Universidade (2,76). Aínda sendo importante esta información, consideramos que non constitúe un punto débil en sentido estrito debido a que non é un aspecto directamente relacionado co Título. Con todo, expónse unha acción de mellora que é potenciar a presenza en redes sociais a través de Instagram, que é a rede social máis utilizada pola franxa de idade dos nosos alumnos e exalumnos.

En canto ás enquisas de satisfacción dos titulados (bloque 2), os alumnos do curso 2016-2017 valoran positivamente a accesibilidade da información para as persoas tituladas (4,00) e a súa utilidade (4,00), aínda que estes resultados deben tomarse con cautela debido á baixa porcentaxe de resposta desta enquisa.

Por todos estes motivos, considérase que este criterio supérase excelentemente.

Puntos febles detectados:

- Escasa información sobre actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais).

Accións de mellora a implantar:

- Creación dun perfil de Instagram.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301PI: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

É obxectivo do Centro analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízalos para a toma de decisións e mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade do ensino e o profesorado desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Sistema de Garantía de Calidade, en vigor, é a consecuencia de varias actualizacións e modificacións da versión inicialmente implantada no curso 2008/2009. As principais actualizacións foron consecuencia da excesiva carga burocrática que estaba supoñendo e da necesidade de converter ao sistema nunha ferramenta real de mellora. Esta actualización do sistema iniciada en 2013-2014 e continuada ao longo dos seguintes cursos académicos supuxo unha modificación e actualización documental a nivel estrutural, organizativo e operacional. Tal e como se recolle no Informe de revisión pola dirección que anualmente elabora o centro e as titulacións, “as modificacións levadas a cabo, son valoradas, a nivel xeral, como positivas”.

Toda a documentación asociada ao SGIC publícase na Web do centro: <http://fccee.uvigo.es/2016-09-23-21-23-20.html> e a xestión de evidencias e rexistros lévase a cabo mediante unha aplicación aloxada no portal, accesible a través da secretaría virtual: <https://secretaria.uvigo.gal/uvigo.sv/> (Consultar evidencia E11).

Todas as titulacións do centro (graos e másteres) teñen representación na Comisión de Calidade do Centro. No marco do SGIC do Centro, todas as titulacións analizan os seus principais resultados e levan a cabo as distintas accións de xestión e mellora de acordo aos procedementos establecidos.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGIC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos expostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Permite identificar os resultados obtidos polas distintas titulacións á vez que se analiza a súa “posición” fronte aos obxectivos de calidade establecidos. A participación nas distintas reunións da Comisión de Calidade tamén permiten intervir nos debates e análises que se producen ligados a distintos rexistros do SGIC. O grao de satisfacción do alumnado (enquisa 2017-2018) sobre o SGIC é de **3,83/5**.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no Centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como xa se indicou nos epígrafes anteriores, o SGIC foi actualizado ao longo da súa implantación. É a Área de Calidade do Universidade de Vigo a que coordina as modificacións ou actualizacións dos documentos do SGIC. Normalmente créanse grupos de traballo nos que participan os distintos centros para acordar documentos “marco”.

Desde o Centro e as Titulacións, mediante a participación de representantes das mesmas na Comisión de Calidade do Centro, xestiónanse evidencias rexistros asociadas ao SGIC, que son validadas, na maioría dos casos, pola devandita Comisión. Especialmente relevantes para o seguimento e mellora das Titulacións son o Informe de Coordinación e o Informe de Revisión pola dirección, tal e como se comentou anteriormente.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

*E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)*

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

A valoración do persoal académico e de apoio que participa no título é boa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes. Na Evidencia E15 inclúese un documento co CV resumido de todos os profesores do MXDS, tanto da Universidade de Vigo como externos (profesores doutras Universidades e profesionais de empresa e outros organismos públicos e privados).

Nalgunhas materias existen certas diverxencias entre o profesorado que figura nas guías docentes e o que figura no POD. Isto é debido aos prazos de elaboración das guías docentes e ás características do profesorado externo que colabora co MXDS. Algúns dos profesores que figuran nas guías docentes non puideron impartir docencia por problemas de axenda xurdidos como consecuencia do posto directivo de alto nivel que ocupan. Nestes casos, buscouse un profesor con características similares para cubrir a súa docencia.

A institución ofrece diversas oportunidades ao profesorado para seguir formándose, especialmente en competencias transversais e de mellora das habilidades docentes. No portal de transparencia da Universidade de Vigo pódense consultar os distintos cursos formativos que se ofertan para o persoal docente e investigador e para o persoal de administración e servizos.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/37/35>

As porcentaxes de participación do profesorado do MXDS pertencentes á Universidade de Vigo en programas de formación mantéñense en torno ao 40%.

Por outra banda, cabe destacar que a coordinadora do título e a secretaria da CAM participan nun Grupo de Innovación Docente (GID PRA& EMP, <https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2018-05/gid35.pdf>) para analizar a adquisición de competencias nas prácticas en empresas e a súa relación coa inserción laboral.

A participación media nas enquisas de avaliación docente no curso 2017-2018 foi de 17,57 alumnos sobre un total de 20, o cal supuxo un 87,84% do total. A porcentaxe de participación reduciuse lixeiramente respecto ao curso 2015-2016, no que se situou nun 94%.

No curso 2017-2018, a cualificación media por profesor (ponderando a nota obtida por cada profesor polo número de horas que imparte de docencia) foi de 3,99 sobre un máximo de 5. Esta cualificación situouse folgadoamente por encima do aprobado, que se establece en 3. A cualificación máis alta foi 4,94 e a máis baixa 2,51. O 54,55% dos profesores situáronse por encima da nota media e soamente o 13,64% suspenderon.

Anualmente realízase un ranking do profesorado e analízase con especial coidado a información obtida para os profesores coas cualificacións máis baixas. Ademais, a Comisión Académica contacta con estes profesores para intentar identificar os motivos desas baixas cualificacións. En base a esta información e tendo en conta as súas puntuacións nas edicións anteriores do MXDS, valórase si se trata dun resultado negativo puntual ou continuado. Tras esta análise, a CAM decide sobre a súa continuidade ou non no cadro de profesorado do Máster e, en caso de continuar, acórdase un plan de mellora co docente.

O persoal de apoio permite desenvolver as funcións administrativas e de servizos do centro e, deste modo, atender a todo o persoal docente e ao estudiantado. O súa eficiencia e, en xeral, moi alta, xa que contan co nivel de cualificación esixido.

Do mesmo modo que o profesorado, o persoal de apoio beneficiase das oportunidades de actualización instrumentadas pola Universidade de Vigo en canto a cursos de formación. A participación nestes cursos adoita ser elevada.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

A valoración dos recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado é positiva. Considérase que son axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais conta con recursos axeitados para o desenvolvemento das actividades docentes e investigadoras. O profesorado dispón dun despacho persoal, suficientemente dotado, de espazos comúns para realizar reunións, de salas para profesores visitantes e invitados... As aulas para desenvolver a docencia son numerosas e todas están equipadas con encerados, con ordenador, pantalla e canón e con wifi de acceso libre. Ademais, a Facultade conta con aulas de ordenadores, aulas seminario, Salón de Actos, Salón de Graos, un espazo para a delegación de alumnos, servizo de reprografía, cafetería e comedor, una ampla e ben dotada biblioteca e unha sala de libre acceso, para que os alumnos podan realizar os seus traballos.

Na páxina web da Facultade detállanse todos os recursos materiais cos que conta: <http://fccee.uvigo.es/es/recursos.html>

Como se comentou nun apartado anterior, o estudantado amósase satisfeito cos recursos materiais cos que conta a Facultade.

Para desenvolver as actividades docentes, a Facultade conta tamén cun servizo de teledocencia, moi implantado entre o profesorado da titulación e ben valorado polo estudantado. <https://fatic.uvigo.es/index.php/es/>

Os recursos bibliográficos e documentais son adecuados e están en permanente actualización. Pódense consultar libremente a través da páxina web da biblioteca <http://www.biblioteca.uvigo.es>

Aplícanse as normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente. O seu coñecemento é accesible a través da páxina web <http://fccee.uvigo.es/>

Nas enquisas de satisfacción do alumnado do curso 2017-2018, a súa valoración sobre as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia foi de 4,20 sobre un máximo de 5 puntos, o cal considérase moi satisfactorio, fronte a unha media de 3,47 no centro, de 3,66 nos másteres e de 3,35 na Universidade.

Nas enquisas de satisfacción dos titulados do curso 2017-2018, os recursos tecnolóxicos como secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi, etc. valoráronse con 4 sobre 5 puntos, puntuación lixeiramente superior á obtida pola media dos títulos do centro, de 3,93 nos másteres e de 3,75 na Universidade.

Puntos febles detectados:**Accións de mellora a implantar:*****Evidencias nas que se baseou a valoración:***

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

II1: N° de alumnado por centro de prácticas.

II5: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

O proceso de ensino-aprendizaxe do MXDS responde ás esixencias dun título de carácter profesionalizante de nivel 3 do MECES, nivel no que se sitúan os títulos de máster universitario. Isto pode comprobarse analizando o contido das guías docentes e no listado dos Traballos Fin de Máster, moitos deles elaborados en colaboración con empresas resolvendo problemas reais e cun contido práctico moi importante.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados da aprendizaxe obtidos polos alumnos do Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible son os previstos na Memoria da Titulación.

A taxa de éxito global do Título é superior ao 98% en todos os cursos académicos desde 2013-2014 e 2017-2018. As taxas de éxito son superiores ao 90% en todas as materias e todos os cursos, excepto nas Prácticas en empresas e no Tráballo Fin de Máster.

A nota media da titulación calculada segundo o Real Decreto 1125/2003 foi de 8,30 no curso 2017-2018, o que mellora a obtida no curso 2015-2016, que foi de 8,02.

En 2017-2018 os resultados de aprendizaxe valoráronse de modo satisfactorio (4 sobre 5), por encima da media dos másteres (3,45) e da Universidade (3,20). Destaca especialmente a puntuación alcanzada pola formación adquirida (coñecementos e contidos), que alcanza o 4,20 sobre 5 fronte ao 3,44 dos másteres e ao 3,25 da Universidade.

